

ESTRUTURA PROBA Hª DE ESPAÑA ABAU 2019/20

A relación de contidos non cambia con respecto á publicada na páxina da CIUG (os termos, as preguntas e as composicións seguen sendo as mesmas do ano pasado) e as súas valoracións tampouco cambian.

A anterior división tripartita do exame (definición de termos, pregunta a desenvolver e composición histórica) con dúas opcións (A e B), é substituída por un exame con 4 preguntas (1 pregunta teórica que engloba as anteriores definicións de termos e tema a desenvolver) e tres composicións históricas. O alumnado ten que escoller 2 das preguntas, que poden ser a pregunta 1 (teórica)+ unha das composicións ou ben dúas das composicións, posto que ningunha das preguntas pode ser obrigatoria.

A pregunta 1.1. (definicións de termos) amplía o número de conceptos a elixir, que pasan de 6 a 8. Mantense a distribución por períodos existente ata o momento: 3 termos de época pre-contemporánea, 1 termo do século XIX e 2 termos do século XX. Os 2 termos engadidos a maiores corresponderán ao século XIX.

A pregunta 1.2 (tema a desenvolver) amplía o número de preguntas a elixir, que pasan de 3 a 4. Mantéñense as especificacións das tres primeiras (preguntas dos bloques 1 ao 4, de bloques distintos e cunha distribución aleatoria). A pregunta engadida a maiores será unha pregunta dun bloque repetido, é dicir, se temos 3 preguntas dos bloques 2, 3 e 4, a pregunta a maiores nunca vai ser do bloque 1.

As composicións serán as que figuran na relación do ano pasado (12 composicións do século XIX e 13 composicións do século XX). Posto que agora se ofrecen 3 composicións a elixir, o reparto será: 2 composicións do século XIX e 1 composición do século XX.